




DEVESA DE ROGUEIRA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: variable (6 a 13 km)

Dificultade: media-alta

Duración: 3 a 5 horas



A Devesa de Rogueira é unha das fragas máis extensas e con maior biodiversidade de Galiza. Unha ruta das máis concurridas do Courel polo seu interese paisaxístico e pola súa biodiversidade. Está situada na aba do monte Formigueiros, nun antigo circo glaciar orientado ao noroeste. Forma parte do LIC (rede Natura) “Os Ancares O Courel” e foi declarada recentemente polo Fondo Mundial para a Natureza como unha das seis áreas de bosque autóctono máis importantes da Península Ibérica.

O gran interese deste bosque débese á variedade dos hábitats que se poden atopar nel, froito da combinación de diversos factores: o illamento, as diferencias de altitude e orientación, o relevo, a variedade de estratos rochosos (xistos, lousas, calcárias, cuarcitas...), e a situación no Courel, unha área de contacto entre as rexións florísticas atlántica e mediterránea. Todo isto dá lugar á concentración neste espazo dunha das maiores variedades de flora e fauna que se poden atopar en Galiza. Soutos, bosques de carballos mesturados con carbas, capudres, acivros, abelairas e teixos, faiais, reboleiras, (nas partes máis baixas), aciñeirais (nas zonas máis secas de rocha calcárea), matogueiras e un gran número de plantas de sotobosque entre as que se atopan especies endémicas ou de escasa representación no país. A devesa acolle ademais unha importante variedade de fungos e unha fauna con ampla representación de mamíferos (corzo, gato bravo, marta, leirón, furafolas...) aves (águia real, ferreiriños anfibios (ra patilonga, pintafontes), réptiles (lagartixa da serra) e gran cantidade de invertebrados.

A ruta ofrece tamén interese etnográfico: aldeas tradicionais, cabanas, sequeiros...

Calquera época é boa, pero para gozar da variedade de plantas é mellor a primavera e para encherse de cor o outono.



Un dos regos que baixan das abas do Formigueiros.

COMO CHEGAR

A Devesa de Rogueira é unha das fragas máis extensas e con maior biodiversidade de Galiza. Unha ruta das máis concurridas do Courel polo seu interese paisaxístico e pola súa biodiversidade. Está situada na aba do monte Formigueiros, nun antigo circo glaciar orientado ao noroeste. Forma parte do LIC (rede Natura) “Os Ancares O Courel” e foi declarada recentemente polo Fondo Mundial para a Natureza como unha das seis áreas de bosque autóctono máis importantes da Península Ibérica.

O gran interese deste bosque débese á variedade dos hábitats que se poden atopar nel, froito da combinación de diversos factores: o illamento, as diferencias de altitude e orientación, o relevo, a variedade de estratos rochosos (xistos, lousas, calcárias, cuarcitas...), e a situación no Courel, unha área de contacto entre as rexións florísticas atlántica e mediterránea. Todo isto da lugar á concentración neste espazo dunha das maiores variedades de flora e fauna que se poden atopar en Galiza. Soutos, bosques de carballos mesturados con carbas, capudres, acivros, abelairas e teixos, faiais, reboleiras, (nas partes máis baixas), aciñeirais (nas zonas máis secas e de rocha calcária), matogueiras e un gran número de plantas de sotobosque entre as que se atopan especies endémicas ou de escasa representación no país. A devesa acolle ademais unha importante variedade de fungos e unha fauna con ampla representación de mamíferos (corzo, gato bravo, marta, leirón, furafolhas...) aves (águia real, ferreiriños anfibios (ra patilonga, pintafontes), réptiles (lagartixa da serra) e gran cantidade de invertebrados.

A ruta ofrece tamén interese etnográfico: aldeas tradicionais, cabanas, sequeiros...

A ruta da Devesa de Rogueira ofrece varias alternativas. Unha boa opción sería contar con dous vehículos para facer unha travesía lineal. A dificultade é grande, sobre todo na zona de ascensión a parte alta da Devesa.

MOREDA-DEVESA DE ROGUEIRA-MOREDA (9 km): o punto de partida é a Aula da Natureza de Moreda, a onde se chega pola estrada desde Seoane pasando por Ferreira Nova. O camiño vai ascendendo polos soutos e inténrase na fraga, onde aumenta a pendente e a dificultade ata chegar a enlace coa ruta que ven do Alto do Couto. De ahí achegámonos á Fonte do Cervo para logo facer o camiño de volta pola mesma ruta.

ALTO DO COUTO-DEVESA DE ROGUEIRA (6 km): desde o Alto do Couto, punto onde se pasa de unha a outra vertente da serra do Courel, séguese un camiño, sen grandes desniveis, que en 3 km nos leva á Fonte do Cervo. Podemos facer o camiño de volta polo mesmo sitio ou subir desde a fonte á Boca da Rogueira, rodear Formigueiros e baixar, por fortes pendentes, ao Alto do Couto (7 km). Este último tramo ten unhas vistas espectaculares sobre o val de Visuña.

MOREDA-DEVESA DE ROGUEIRA-MIRADOIRO DE POLÍN-PARADA-MOREDA (11 km). Unha ruta circular que nos permite subir ata a Fonte do Cervo, gozar de amplas panorámicas da Devesa e o val de Moreda desde o miradoiro de Polín, e baixar por Parada para achegarse pola estrada a punto de inicio.

DESVÍO Á LAGOA DE LUCENZA (6 km ida e volta desde a Fonte do Cervo). Desde a Fonte do Cervo cóllese o camiño do miradoiro e, aproximadamente a 1 km, un desvío á esquerda que nos leva á pista que percorre os cumes do Courel. Cruzámola e polo camiño que atopamos en fronte baixamos á lagoa de orixe glaciar de Lucenza. Volvemos polo mesmo camiño.

DESVÍO AO MIRADOIRO DE POLÍN (3,8 km ida e volta desde a Fonte do Cervo).

MOREDA-DEVESA DE ROGUEIRA-ALTO DO COUTO-MOREDA (13 km): desde a Fonte do Cervo vólvese atrás e cóllese o desvío ao Alto do Couto, desde alí baixamos pola estrada 3 km ata o cruce que vai a




Vista xeral da Devesa de Rogueira desde o miradoiro de Polín.



Detalle da Devesa de Rogueira desde o castelo de Carbedo, na estrada de Seoane ao Alto do Couto. Ao fondo Parada, cuna de Uxío Novoneyra.




Vista desde o miradoiro de Polín sobre Moreda, co monte Cido ao fronte.



Subida desde a Fonte do Cervo á Boca da Rogueira e Formigueiros.



Vella faia e teixos no interior da parte alta da Devesa.



Fonte do Cervo.
Dous abrollos de
auga, un deles con
minerais de ferro.



Cova na rocha calcárea no camiño de subida.

